



VICEPRESIDENCIA
Avda Montero Ríos s/n
36071- Pontevedra

J. Pedro Mansilla Vázquez, Xefe do Servizo Estación Fitopatolóxica Areiro da Deputación de Pontevedra

INFORMA:

Que se lles remite o informe da visita realizada dos técnicos da Estación Fitopatolóxica Areiro, o pasado venres 4 de agosto a Mourente , para a avaliación da roptura dunha rama do Carballo de Santa Margarita

Achegamos copia do mesmo, o cal se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Pontevedra, 08 de agosto do 2017



Dr. J. Pedro Mansilla Vázquez

Xefe do Servizo Estación Fitopatolóxica Areiro

D. José Pedro Mansilla Vázquez, Xefe do Servizo Estación Fitopatolóxica Areeiro, pertencente á Deputación de Pontevedra, informa:

Que o pasado día 4 de agosto de 2017 desprazáronse ao carballo dous técnicos da Estación Fitopatolóxica Areeiro co obxectivo de facer unha valoración do carballo debido á rotura dunha rama de importantes dimensións.

A rama que sufriu un racho topábase completamente seca, con madeira morta e claros signos de actividade de insectos perforadores, e na actualidade presenta un toco que permanece na árbore e que hai que eliminar, limpando ben a zona de contacto coa rama na que se inserta. Aproveitando esta operación tamén se deben retirar aquelas outras ramas que presenten defoliación ou indicios de que hai insectos xilófagos presentes, posto que a súa madeira é probable que estea afectada de perforadores, que como sabemos xa están na árbore. Despois da eliminación destas ramas, estudarase a conveniencia de facer unha labor de equilibrado da copa. En todos os casos, nestas operacións hai que ter coidado de facer os cortes en bisel, inclinados, evitando deixar tocos de poda pero sen afectar á cortiza e protexendo os cortes con mástic cicatrizante mais funxicida.



Por outra banda, observouse que aquela madeira morta ou seca que se recomendou eliminar en anteriores informes aínda permanece na árbore. Precisamente esta madeira é unha fonte de contaminación para o resto da árbore, xa que os insectos consumidores de madeira topan aí un hábitat idóneo para desenvolverse.

Máis intervencións aconselladas, neste caso desde o punto de vista da risco que pode supoñer para as persoas, pero tamén atendendo á vitalidade da árbore, é colocar suxeicións nas ramas principais que máis carga presentan, principalmente na rama de grandes dimensións que da cara a vía principal, e que xa presenta unha fenda en toda a súa lonxitude.

Finalmente, é conveniente repetir o tratamento co insecticida biolóxico que se dera no pasado, xa que se observaron serraduras frescas na base, así como aplicar un tratamento tamén biolóxico cun produto a base dos fungos *Trichoderma* sp., que poden limitar o desenvolvemento de fungos patóxenos do solo.

Pontevedra, 7 de agosto de 2017



Fdo J. Pedro Mansilla Vázquez
Jefe del Servicio Estación Fitopatológica do Areeiro